

**Convocatoria:** Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S  
**Corpo:** 590 - Profesores de ensino secundario  
**Especialidade:** 011 - Inglés  
**Tribunal:** 1

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS TRIBUNAIS DE INGLÉS (590011)**

*DATA PUBLICACIÓN: [15/06/2021]*

### **PRIMEIRA PROBA: PROBA DE COÑECEMENTOS**

A cualificación total desta proba farase ponderando da seguinte maneira:

Parte A 60 %

Parte B 40 %

Para superar esta primeira proba deberase alcanzar unha puntuación mínima igual ou superior a 5 puntos e debemos acadar polo menos o 25% en cada unha das partes.

Parte A: Práctica

Consistirá na realización de:

1. Exercicio consistente en respostas a preguntas formuladas sobre o uso funcional da lingua e a cuestións acordes cos procedementos da área sobre aspectos lingüísticos, literarios ou socioculturais, a partir dun texto en prosa en lingua inglesa (novela, ensaio ou artigo xornalístico).

2. Exercicio de redacción sobre un tema de actualidade.

Cualificación: de 0 a 10 puntos

Puntuación mínima: 2,5 puntos

### **INDICADORES PARA O EXERCICIO A PARTIR DE UN TEXTO EN PROSA EN LINGUA INGLESA**

1. RIGOR NO DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO DE CARÁCTER PRÁCTICO. Presenta unha estrutura coherente, unha presentación clara e unha expresión lingüística correcta e xustifica as respostas no marco teórico cando procede.

2. COÑECEMENTO ESPECÍFICO DA ESPECIALIDADE. Emprega a terminoloxía e os conceptos axeitados. Nivel elevado no uso funcional da lingua estranxeira, mostrando corrección fonética, semántica, léxica, lingüística e gramatical. Exprésase de forma espontánea con gran fluidez cunha ampla gama de recursos semánticos, fonolóxicos, léxicos e gramaticais.

3. COMPRENSIÓN LECTORA AXEITADA e total dos textos da actividade, independentemente da complexidade, do grado de abstracción, do grado de familiarización cos temas que se tratan, da variedade da lingua empregada ou da necesidade de facer inferencias ou comprender matices.

4. COÑECEMENTO AXEITADO DOS ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E LITERARIOS dos países anglófonos.

5. PRESENTACIÓN ESCRITA DA PARTE A:

Limpeza e claridade na redacción.

Corrección léxica, ortográfica, gramatical, semántica, sintáctica e lingüística.

Expresión clara e fluída nun estilo apropiado á tarefa cunha ampla gama de recursos.

Elaboración dun texto coherente e cohesivo cun uso correcto e variado dos mecanismos de estruturación do texto (conectores e outros elementos de cohesión propios da lingua inglesa).

Utilización dun repertorio lingüístico consistente que amosa gran corrección, precisión, propiedade, coherencia e o rexistro axeitado.

INDICADORES PARA O EXERCICIO DE REDACCIÓN SOBRE UN TEMA DE ACTUALIDADE

1. O texto é coherente e cohesivo empregando apropiadamente unha variedade de estruturas organizativas e unha ampla serie de mecanismos de cohesión.

2. A estrutura está libre de erros de ortografía.

3. O texto é claro e fluído nun estilo apropiado á tarefa.

4. Presenta argumentos cunha estrutura lóxica e eficaz que axuda ao oínte a fixarse nas ideas importante e a lembralas.

5. Uso eficiente de formas lingüísticas empregadas para transmitir con precisión matices de sentido, acentuar , diferenciar e eliminar a ambigüidade.

6. Bo dominio das expresións idiomáticas.

7. Presentación clara, limpa e sen erros.

Parte B: Desenvolvemento do tema escrito

Cualificación: de 0 a 10 puntos

Puntuación mínima: 2,5 puntos

1. COÑECEMENTO CIENTÍFICO PROFUNDO E ACTUALIZADO DO TEMA

Dominio dos contidos do tema que se presenta.

Emprega os conceptos, a terminoloxía e a linguaxe técnica de xeito rigoroso, preciso e actualizado.

Contribúe con citas bibliográficas actualizadas.

Ilustra os contidos con exemplos, esquemas, táboas, gráficos ou similares.

Argumenta os contidos con espírito crítico.

## 2. ESTRUCTURA DO TEMA, DESENVOLVEMENTO COMPLETO E ORIXINALIDADE NO ENFOQUE:

O tema presenta unha estrutura coherente e ordenada: (1) Índice (adequado ao título do tema e ben estruturado e secuenciado), (2) Introducción (xustificación, enfoque e relevancia do tema), (3) Desenvolvemento dos apartados mencionados no índice, (4) Conclusión (síntese, onde se relacionan todos os apartados do tema) e (5) Bibliografía (citas actualizadas e fidedignas).

O tema axústase ao temario publicado no anexo III da Orde de 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, de 21 de setembro) e o peche é coherente co seu desenvolvemento.

## 3. EXPOSICIÓN DO TEMA:

A lectura é fluída e áxil como resultado dunha expresión escrita correcta.

Non hai contradicións na expresión que evidencien unha lectura non literal do tema.

Exprésase de forma espontánea con gran fluidez e un pleno dominio da semántica, fonoloxía, léxico e gramática da lingua inglesa.

Expresión natural, adecuada á situación comunicativa: a entoación empregada expresa matices de significado e axuda á comprensión da mensaxe. Pronunciación clara e sen erros.

## 4. PRESENTACIÓN ESCRITA DO TEMA:

Limpeza e claridade na redacción.

Corrección léxica, ortográfica, gramatical, semántica, sintáctica e lingüística.

1. O texto é coherente e cohesivo empregando apropiadamente unha variedade de estruturas organizativas e unha ampla serie de mecanismos de cohesión.

2. A estrutura está libre de erros de ortografía.

3. O texto é claro e fluído nun estilo apropiado á tarefa.

4. Presenta argumentos cunha estrutura lóxica e eficaz que axuda ao oínte a fixarse nas ideas importante e a lembralas.

5. Uso eficiente de formas lingüísticas empregadas para transmitir con precisión matices de sentido, acentuar, diferenciar e eliminar a ambigüidade.

6. Bo dominio das expresións idiomáticas.

7. Presentación clara, limpa e sen erros.

## SEGUNDA PROBA: APTITUDE PEDAGÓXICA E DOMINIO DAS TÉCNICAS NECESARIAS PARA O EXERCICIO DOCENTE

A cualificación total será de 0 a 10 puntos, sendo esta o resultado de engadir as cualificacións correspondentes ás dúas partes de forma ponderada.

#### Parte A: Programación didáctica

A cualificación ponderada desta proba calcularase multiplicando por 0,4 a puntuación obtida (40% do valor total da segunda proba).

Ver a rúbrica da segunda proba da fase oposición ¿ A (programación didáctica) no anexo XI da orde do 24 de febreiro de 2020 (DOG 13 de marzo 2020).

#### Parte B: Unidade didáctica

A cualificación ponderada desta proba calcularase multiplicando por 0,6 a puntuación obtida (60% do valor total da segunda proba).

Ver a rúbrica da segunda proba da fase oposición ¿ B (unidade didáctica) no anexo XI da orde do 24 de febreiro de 2020 (DOG do venres 13 de marzo de 2020).

#### FASE DE CONCURSO:

Ver baremo para a valoración de méritos: sistema xeral de ingreso no anexo III da orde do 24 de febreiro de 2020 (DOG do venres 13 de marzo de 2020).